

QUE FOI DOS GALIGRECOS?

APUNTES DE XEOGRAFÍA PROTOHISTÓRICA DE GALICIA

What happened to the Galigrecos? Notes on the protohistoric geography of Galicia

ROSA BRAÑAS ABAD

Universidade de Vigo. GEAAT

Recibido: 23/06/21
Aceptado: 31/08/21

Resume

A inclusión de pobos de estirpe grega entre os Galaicos na Antigüidade por parte dos autores clásicos provocou grande confusión entre os historiadores modernos. No século XIX creouse a figura dos galigrecos, que serían o resultado da mestura entre aqueles gregos e os celtas locais. E xa en tempos máis recentes, diversas expresións usadas polos clásicos para dar cabida a eses pobos ficticios, provocou a discusión acerca da non celticidade dalgúns pobos históricos da rexión. Neste artigo analizaremos como e por que se produciu esa confusión, ao tempo que facemos un percorrido pola xeografía protohistórica de Galicia.

Palabras clave:

Galigrecos, Callaeci, Galaicos, Ártabros, Cassitérides, Púnicos, fontes do estaño

Abstract

The inclusion of peoples of greek origin among the Galaics in antiquity by classical authors has produced great confusion among modern historians. In the 19th century the Galigrecos were created as the result of mixing these Greeks with the local Celts. But in more recent times, various expressions used by classical authors to include these fictitious peoples have provoked discussions about the non-celticity of some historical peoples in the region. In this paper we analyze how and why this confusion occurred, while we take a tour of the protohistoric geography of Galicia.

Key words:

Galigrecos, Callaeci, Galaics, Artabri, Cassiterides, Punics, sources of tin

Introdución

O mundo galaico foi dado a coñecer na Antigüidade polos mariños do sur peninsular que percorrían as nosas costas en busca dos prezados metais: ouro, prata, estaño... Foron eles quen trasladaron aos xeógrafos gregos o coñecemento dos accidentes xeográficos salientables capaces de guiar a navegación, das riquezas que se producían e dos nomes dos pobos cos que intercambiaban mercadorías. De aí que os primeiros etnónimos galaicos que coñecemos na literatura clásica correspondan a pobos eminentemente litorais.

O parecido dalgúns deses etnónimos con palabras familiares para os gregos, estimulou en época helenística a creación de lendas nas que se atribuían fundacións de pobos e cidades a heroes daquela procedencia, e de aí a crenza de que existiu unha orixe helénica para diferentes poboacións costeiras entre o Douro e o Miño. Semella que, naqueles tempos, os Callaecos/Galaicos resoaban como un pobo da montaña interior do Noroeste en relación cos Lusitanos, dos que primeiro se distinguiron, cos que logo se identificaron, ata que, por fin en época imperial, quedaron definitivamente separados pola liña do Douro, facéndose os Galaicos coextensivos con toda a rexión noroeste (a futura Gallaecia romana).

Ao longo deste percorrido, que atravesa as obras de autores perdidos (Polibio, Artemidoro, Posidonio, Asclepiades...) imos vendo como os xeógrafos posteriores (Estrabón, Mela, Plinio, Ptolomeo) van enriquecendo o mapa dos pobos (lat. *populi*) galaicos, dando a coñecer outros moitos dos que enchían o interior da rexión, e respectando ao tempo a crenza do “helenismo” daqueles pobos litorais antes mencionados. O mapa romano definitivo da rexión configúrase así como unha amálgama de pobos gregos e pobos célticos (os coñecidos como “galigrecos” no século XIX), creando entre os historiadores contemporáneos a imaxe dun conxunto étnico heteroxéneo, hoxe en día insostible, polo menos, á luz dunhas fontes literarias clásicas debidamente interpretadas.

1. Os Gregos na protohistoria galaica

Foi habitual na Antigüidade que os novos pobos e cidades incorporados á Ecúmene (o daquela “mundo coñecido”) fosen relacionados con algún heroe mítico fundador para apropiarse simbolicamente dos novos territorios descubertos ou conquistados. Os heroes fundadores adoitaban escollerse do amplo repertorio de participantes na Guerra de Troia, contenda mítica entre gregos e troianos acontecida, segundo a tradición, en 1180 a.C.

Do bando troiano salienta Eneas, o protagonista da *Eneida*, o grande poema épico romano de Virxilio. Aquel heroe fora un sobrevivinte da guerra de Troia, que chegara ás costas latinas tras numerosas peripecias e foi convertido no antepasado mítico ao que remontaba a estirpe do primeiro rei romano (Rómulo) e do mesmo Xulio César.

Do bando vencedor, o grego, pódese destacar a Odiseo (Ulises), a quen o destino desviou do seu camiño de volta a casa, condenándoo a vagar durante anos polo Mediterráneo, topándose coas sereas, entre outros moitos personaxes e lugares fantásticos. Nesa “odisea”, Odiseo recalou na illa da meiga Circe, que tivo como froito da súa unión a Latino, segundo nos conta Hesíodo (*Teogonía* 1013). Latino, na tradición fundacional romana, era o pai dos Aborígenes (habitantes do Lacio, patria dos latinos) e sogro de Eneas, por tanto o antepasado da rama feminina dos reis romanos.

En consecuencia, tan cedo como na época arcaica (concretamente entre os ss. VIII-VII a.C), os gregos xa entroncaban as orixes de Roma cos seus heroes, o que mostra o antigo desa tendencia a tomar posesión, aínda que fose miticamente, dos territorios que entraban na súa órbita de coñecemento.

Esa práctica intensificouse durante o período helenístico (entre a morte de Alexandre Magno en 323 a.C. e os comezos do Principado romano, en 27 a.C.), cando a cultura helénica se espaxiou polo Imperio de Alexandre e tamén polos dominios de Roma, herdeira desa cultura helenística. Daquela, cando os coñecementos ecuménicos se expandiron ata os límites do Océano, acadaron tamén esas latitudes os *nóstoi*, é dicir, os relatos sobre os “retornos” á patria dos heroes de Troia, que, no imaxinario grego, sempre representaron aos pioneiros do proceso de colonización mediterránea da época arcaica.

As lendas dos *nóstoi* vanse trasladando a novos espazos xeográficos a medida que se van descubrindo, polo tanto non puideron deixar de chegar á nosa rexión, o Noroeste Ibérico, cando na órbita do Mediterráneo corría a etapa helenística pero aquí aínda o momento protohistórico. Falamos dese curto período temporal previo á conquista romana, cando os galaicos non coñecían a escritura pero comezaban a ser mencionados nos textos escritos dos pobos letrados que entraron en contacto con eles ou con presenza efectiva no seu entorno: púnicos, gregos e romanos (mediados do s. II-fins do s. I a.C).

2. E os Galigrecos

Diferentes fontes clásicas recollen a orixe helénica de varias “ciudades” e pobos galaicos en conexión con aqueles *nóstoi* ou “retornos”. O primeiro autor que temos

noticia que aluda a esta conexión entre Galaicos e Helenos é Asclepiades de Mirlea, un grego minorasiático dos comezos do século I a.C., de quen se perdeu a obra pero que coñecemos a través das citas de Estrabón, outro autor grego que escribiu durante o cambio de era. Segundo este paisano seu, Asclepiades ensinou letras na Turdetania, é dicir, na Bética, e publicou unha Descrición dos indíxenas da Iberia, entre os que figuraban os Galaicos.

Dicía destes cousas curiosas, como que

... entre os galaicos habitaron algúns dos que marcharon en campaña con Teucro, e que existen alí cidades, unha chamada **Helenes**, outra **Anfilocos**, posto que Anfíloco tería morto alí e os que o acompañaban terían emprendido viaxe cara as terras do interior. Tamén afirma que se enterou de que algúns que ían con Heracles e dos que viñan de Mesenia colonizaran Iberia; e que os laconios ocuparon unha parte de Cantabria tamén o afirman Asclepiades e outros. Disque tamén alí estaba a cidade de **Ocela**, fundación de Ocelas, que fixera a travesía ata Italia con Antenor e os seus fillos (Estrabón III, 4, 3).

Ocelas era un heroe troiano e Teucro e Anfíloco heroes gregos, todos eles participantes na Guerra de Troia. As fontes antigas vánnolos situando ao longo do mundo colonial grego Mediterráneo ata chegar aos confíns atlánticos, nas nosas costas.

Posterioros autores clásicos mencionan estas fundacións, pero pouco engaden ao que xa nos transmite Estrabón, sendo máis que probable que todos eles beban dunha fonte común. Compárese o que nos conta, por exemplo, Trogo Pompeio, contemporáneo de Estrabón:

Os galaicos reivindicar para si unha orixe grega, pois logo da fin da guerra troiana, Teucro, odiado polo seu pai Telamón [...] dirixiuse ás costas de Hispania e ocupou os lugares onde agora está Cartago Nova. Logo pasou á Gallaecia, e establecéndose alí, deulle nome a un pobo. E dise que os Anfílocos son parte da Gallaecia (Xustino, Epítome. 44,3- trad. gal.)

Plinio o Vello (*Historia Natural* IV 112), poucos anos máis tarde, engade máis exemplos galaicos ao sinalar pobos e lugares da rexión bracarense (en torno a Braga), dos que di: “despois dos Cilenos, vén o convento Brácaro, cos **Helenos**, **Grovios** e a **fortaleza de Tyde**, todos descendentes dos Gregos”. E pouco despois Silio Itálico (Púnica XVI, 368-371) faise eco deste castellum (castro) Tyde, ao atribuírlle a súa fundación ao heroe Diomedes Tidida ou “fillo de Tideo”, patronímico de onde ben a conexión. En relación con Tyde fala tamén dos Gravios, que considera deformación da forma grega orixinal Graios, outro etnónimo helénico.

O enraizamento daquela tradición helenizante en Galicia, que remonta polo menos ao Renacemento, debeulle máis que a ninguén aos historiadores galegos do século XIX, a algún dos cales debemos as pasaxes máis estrafalarias da nosa historiografía.

Valla como mostra a obra de Benito Vicetto, na que se intenta demostrar a conexión cultural entre gregos e galegos (os daquela denominados Galigrecos) nos seguintes costumes: o uso do loureiro, as *loitas* rituais, a frauta (que serviría de expresión da morriña individual, fronte á gaita, máis acaída á festa colectiva), a *muiñeira*, o *dengue* ou mantela encarnada do traxe da muller “montañesa”, as competicións nas romarías -como a carreira, que tamén se celebraban nos Xogos Olímpicos-, o loito e o hábito das *choradeiras* nos enterros, así como a alborada ou a *brona*/broa de millo miúdo¹.

As especulacións etimolóxicas de Vicetto son aínda máis chafalleiras. Partindo da orixe celta dos galaicos e da súa conxunción histórica cos gregos, explica a orixe do noso xentilicio, galegos, como segue:

Hemos dicho que de la fusión de los galos y griegos el país tomó el nombre que hoy lleva, y vamos a evidenciarlo. De la adhesión filológica de las voces galos y griegos, ¿qué hay que hacer para que resulte Galiegos? Suprimir una vocal y cuatro consonantes: la **o**, la **s**, la **y** conjuntiva, la **g** y la **r**. Suprimidas esas cinco letras **sin violencia lingüística**, y no una supresión simultánea sino seguida, resulta Galiegos²

Vicetto era un máis entre outros moitos eruditos decimonónicos que cultivaron a ficción das fundacións gregas de cidades galaicas, e esta visión antiga exerceu unha profundísima influencia nas crenzas populares (chegando ata a actualidade!), a pesar e que a comezos do século XX estudosos como López Cuevillas advertían xa da escasa verosimilitude daquelas noticias:

Tense falado tanto e por tan outas autoridades dos establecementos helénicos nas nosas costas, que cecais pareza atrevimento o negar cousa que persoas de tan grande sabedencia teñen afirmado; pero a pesar d'elo, non podo deixar de consignar eiquí qu'os investigadores mais modernos nin xiquera fan mención de semellantes colonias, tidas no día por fabulosas³

O século XX explorou a hipótese da mera transposición lendaria de personaxes gregos en Galicia, ata que o tema mereceu unha breve monografía nos anos 80 por

1 VICETTO (1865): 232-41

2 VICETTO (1865): 267

3 LÓPEZ CUEVILLAS (1968): 27 (edita unha obra de 1924)

parte de J.C. Bermejo titulada *Galicia y los Griegos* (1982), onde se analizaban aquelas noticias no contexto das especulacións etno-xeográficas helenísticas da Antigüidade grega, adobiadas con compoñentes mitolóxicos e, tamén en boa medida, co profundo descoñecemento por parte dos clásicos destes espazos dos confíns.

Salientaba Bermejo tamén a falta de datos arqueolóxicos que apoiasen a idea dunha presenza grega importante na rexión⁴. E logo de case 40 anos da publicación dese estudo, fóra do que poidan ser obxectos illados produto do comercio indirecto grego con aquelas poboacións (como parte do tráfico púnico ou gaditano, por exemplo), a arqueoloxía segue sen mostrar rastro da presenza de colonizacións gregas no noroeste ibérico.

A que interese ou lóxica discursiva podería responder a atribución dunha orixe grega a pobos e asentamentos galaicos? O máis probable é que respondese a un simple exercicio erudito, moi do gusto da época, que consistía en racionalizar os mitos amparándose en xogos paronímicos, é dicir, assimilar nomes de fonética igual ou semellante, extraendo desas semellanzas calquera consecuencia (obviamente de contactos históricos no noso caso). Que Diomedes fillo de Tideo fose trasladado ao lugar do castro Tyde, non respondería máis que a semellanza entre estes dous nomes, cuxa grafía estaría moi próxima: “Tydeús” / “Tyde”

O profesor J.J. Moralejo (2007), que tamén dedicou algunhas páxinas a facer un repaso historiográfico e analizar filoloxicamente este fenómeno, especulaba coa posibilidade de identificar eses topónimos e pobos galaicos que terían espertado esa familiaridade en oídos gregos. En relación cos Anfílocos, pode sospeitarse a existencia dun pobo indíxena **Ambilouci* ou **Ambiluci*, cun significado semellante a “que viven arredor dun **loukos*, bosque sagrado”.⁵ Deste posible pobo indíxena, sen embargo, non coñecemos ningunha referencia que nos permita localizalo xeograficamente.

Outramente é o caso dos Graios, facilmente identificables cos Gravios/Grovios ou Gruios transmitidos por outras fontes clásicas, e situados ao norte de Portugal entre os ríos Ave, Cádavo, Limia e Miño, co *castellum Tyde/Tude*, asentamento tradicionalmente identificado con Tui, xa en Pontevedra na ribeira do Miño.

De seguido, ao norte dos Grovios situaríanse os Hellenes/Heleni (en terras viquesas), con quen poderían relacionarse numerosos nomes propios galaicos interpretados a partir do nome céltico do “cervo”⁶, especialmente presente en topónimos castrexos como Elaniobriga e similares⁷.

4 BERMEJO BARRERA (1982): 14

5 MORALEJO (2007): 364-5

6 MORALEJO (2007): 23; BRAÑAS (2000): 158-9

7 ALARCÃO (2003-04)

Da mesma maneira, podemos atopar nidias correspondencias entre a suposta cidade cantábrica de nome Ocelas, debido a outro heroe, cun adxectivo céltico profusamente empregado en teonimia e toponimia galaico-lusitana na forma “ocelo/-a”, co significado de “outeiro”, “elevado/a, eminente”, etc.⁸

Volvendo á Antigüidade, e á marxe das homofonías comentadas, a impresión que extraemos desas vellas noticias é que, un coñecemento directo da xeografía galaica tería disuadido a calquera grego da existencia de comunidades de orixe helénica no noroeste. Alguén como Asclepiades, a quen remonta a referencia máis antiga coñecida, é bastante pouco probable que chegara a esta rexión, pois ningún dato apunta nese sentido. De feito, cabe preguntarse de que fontes puido ter bebido Asclepiades ou, de ser o caso, o autor no que se tería informado, ou quizais inspirado, para transmitir o xogo de paronimias que vimos de analizar.

Vexamos ata onde chega o noso coñecemento dos antecesores de Asclepiades na transmisión de datos relativos ao noroeste da Iberia anterior ao século Iº a.C., e como vai evolucionando ese coñecemento a medida que o imperio romano se vai achegando a aqueles territorios.

3. Xeografía protohistórica do Noroeste

Estrabón, o xeógrafo que compilou nunha magna obra os coñecementos xeográficos do seu tempo (da época de Augusto, en torno ao cambio de era), tamén transmitiu numerosas informacións antigas recompiladas de vellos exploradores e/ou conquistadores, que non sempre citou explicitamente.

Pero da análise da súa obra, si se pode chegar a recoñecer unha secuencia dos coñecementos xeográficos do noroeste, vendo como van progresando en virtude de diferentes acontecementos históricos que tamén podemos identificar nas fontes. Referímonos ao periplo de Polibio efectuado a mediados do século II a.C. e aos informes de Posidonio un pouco posteriores, próximos á conquista romana dos Galaicos por parte de Décimo Xunio Bruto (137 a.C.)

– Polibio de Megalópolis

Polibio foi un militar, diplomático e historiador grego do século II a.C. que, pola súa amizade coa familia dos Escipións (os xenerais vencedores dos Cartaxineses nas Guerras Púnicas), tivo a oportunidade de coñecer a Iberia persoalmente.

8 ALBERTOS (1985)

Escrebiu unha *Historia de Roma* na que xa tratou sobre as guerras de conquista de Hispania adentrándose no interior da Península: guerras celtibéricas, lusitanas, contra vacceos, etc. E tamén declarou ter emprendido persoalmente un periplo marítimo por África, Hispania e Galia, sendo o primeiro autor clásico, que saibamos, que menciona un pobo galaico: os Ártabros. O malo é que a parte da obra na que tería descrito ese periplo con detalle está perdida, así que só conservamos referencias indirectas á mesma, especialmente nas obras do xeógrafo grego Estrabón e do latino Plinio.

O periplo polibiano remontaría a poucos anos antes da conquista de Bruto, datándose en torno ao ano 151 a.C., e emprendéndose coa intención máis que probable de descubrir a ruta das Casitérides, as fabulosas Illas do Estaño de transparente nome grego, das que só os púnicos, supostamente, coñecerían a localización precisa⁹. A descrición polibiana inclúe o noso territorio no ámbito dos Lusitanos, outro dos pobos ibéricos cos que os romanos daquela andaban en guerras. A imaxe do Noroeste que se extrae das noticias de Estrabón e de Plinio, que supostamente se inspirarían en Polibio, é consecuente co estado dos coñecementos xeográficos romanos antes da conquista de Bruto. Vexamos.

Na concepción xeográfica de Polibio, os Ártabros, “pobo rico en ouro, prata e outros metais”, eran os “últimos da Lusitania”, daquela a rexión occidental da Iberia ribeirega do Océano:

A parte bañada polo Mediterráneo que chega ata as Columnas de Heracles [o Estreito de Xibraltar] recibe o nome de Iberia; a bañada polo Mar Exterior ou Grande [o Atlántico], non ten unha denominación común aceptada, posto que o seu descubrimento é recente, e está habitada na súa totalidade por populosas nacións bárbaras (Polibio III 37. 10-11)

Ignoramos a quen se refire Polibio coa expresión “o seu descubrimento é recente”, dando a entender que algún outro romano antes ca el tería explorado o litoral atlántico de Hispania e a Galia xuntas, pois nós non temos ningunha outra noticia textual de semellante feito¹⁰.

Pero, independentemente de que ese pobos, como se di na cita, non poidan recibir unha denominación común, o que si está claro é que existían dous grandes conxuntos de pobos en Iberia que, pola súa teimuda resistencia á conquista romana, eran confundidos baixo dúas denominacións étnicas: os Lusitanos e os Celtí-

⁹ ROUCO (1984): 56

¹⁰ Ignoramos deliberadamente a *Ora Maritima* de Avieno, que non demostra o coñecemento positivo desta ruta, ou ao grego Pytheas, de quen hai boas razóns para dúbida da súa circunnavegación peninsular. En todo caso, ningún deses mariños serían considerados “recentes” por Polibio.

beros. Estes eran os dous grandes grupos rivais de Roma en Iberia, aqueles contra os que aínda loitaba nos tempos de Polibio. A estes momentos, de feito, poden remontar algunhas dos datos achegados por Estrabón (III 3, 3):

Ao norte do Tejo, Lusitania é o máis grande dos pobos de Iberia e o que durante máis tempo padeceu a guerra por parte dos romanos. Delimitan este territorio polo lado sur o Tejo, polo occidental e setentrional o Océano, e polo oriental os Carpetanos, Vetóns, Vacceos e Callaicos (son os máis coñecidos; os demais non son dignos de mención a causa do seu reducido tamaño e a súa falta de renome); a diferenza dos contemporáneos algúns denominan lusitanos tamén a estes pobos [refírese aos Callaicos]

Pola vertente oriental os Callaicos comparten fronteiras co pobo dos Ástures e cos Celtíberos, en cambio os demais só cos Celtíberos.

Un dato en especial distorsiona o sentido deste parágrafo, ata facelo case completamente incomprendible: a posición tan occidental dos Celtíberos. Pero hai que ter en conta que, naquela altura, os étnicos manexados por gregos e romanos funcionaban da maneira xenérica que expuxemos anteriormente. Antes de seren os Celtas do entorno do Sistema Ibérico e alto Douro (Aragón, Castilla...), os Celtíberos foron simplemente os “Celtas de Iberia”.

Tamén se nos di máis adiante (III 3, 4) que o río Limia viña do territorio dos Celtíberos e Vacceos (val medio do Douro), expresando claramente unha opinión equivocada sobre un territorio interior inexplorado, pois ben sabemos que o río Limia nace na Limia (Ourense). Dinos tamén que o Miño é o río “con diferenza o maior da Lusitania”, atribuíndo a Posidonio a orixe da súa nacente (en realidade no norte de Lugo) en territorio dos Cántabros...

En definitiva, a imprecisión de todas estas localizacións xeográficas transmitidas por Estrabón é o que nos fai sospeitar que está a recoller información de autores clásicos cuxo coñecemento xeográfico do noroeste sería máis ben de oídas, e tan imprecisos como débil era aínda a penetración romana nestas rexións do interior galaico. Tal sería a situación por volta dos mediados do século II a.C.

E continúa dicindo Estrabón parafraseando supostamente a Polibio (III 3,3):

Así, a lonxitude da Lusitania é de 3000 estadios, pero a súa anchura, configurada polo seu costado oriental ata o litoral situado enfronte, é moito menor. A zona oriental é elevada e escarpada, en cambio o territorio que se estende aos seus pés é todo chan, incluso ata o mar agás uns poucos montes non moi elevados

Analicemos os datos. A xulgar polas citas recollidas, a Lusitania representaba para os romanos da época unha estreita faixa de terra occidental ata os Ártabros,

deixando a oriente tamén aos Callaicos (cos que vimos en cita anterior que limitaban), habitantes dun territorio montesío, que só máis tarde sería conquistado por Bruto.

Fig. 1. Mapa segundo Polibio



A desconexión dos Callaicos do resto dos pobos do “occidente lusitano” é unha información pouco clara e sutil, na que se dá a entender que, en época republicana, os Callaicos eran, efectivamente, “outra xente”, merecedora dun nome particular pois habitaban tamén un territorio singular, “elevado e escarpado”.

Os Callaicos protohistóricos, insistentemente descritos por aquelas primeiras fontes como pobos habitantes das montañas, teñen pola súa vez un etnónimo indíxena interpretado en lingua céltica como “os montañeses” o cal seguramente non sería casual, senón por referir precisamente poboacións habitantes da zona interior e agreste situada ao leste daquela chaira litoral lusitana¹¹.

A viaxe de Polibio polo litoral atlántico ibérico teríalle permitido precisar a localización de pobos fundamentalmente costeiros, así como os seus inmediatos veciños, pero pouco máis. Na súa busca das Casitérides tería chegado ata o Promontorio dos Ártabros, unha punta de referencia noroccidental determinante para os navegantes (non sabemos se cabo Fisterra ou Touriñán), onde a terra viraría de sentido en dirección á Galia, cuxo litoral Polibio tería explorado igualmente. En calquera caso, as noticias sobre a empresa polibiana non parecen achegar máis ét-nicos relativos ao NO ibérico que: Lusitanos, Callaicos e Ártabros.

11 Sobre a etimoloxía, MORALES (2007): 116; sobre a relación calaicos/montañeses: GARCÍA QUINTELA (2007):134

Todos estes pobos van experimentar diferentes modificacións na súa definición e incluso nas súas denominacións, pois todo irá cambiando ao ritmo dos progresos de descubrimento e conquistas romanas.

Axudarannos a esclarecer estes feitos outro xeógrafo antigo inserible nos tempos da protohistoria galaica: Posidonio de Apamea. Pero antes vexamos o que ten que dicirnos Artemidoro, o grego de quen se dixo que aparecera un papiro do máis revelador para o coñecemento da xeografía antiga do occidente ibérico.

– Artemidoro de Éfeso

Este foi un xeógrafo grego, sacerdote do templo da deusa Artemis en Éfeso (Asia Menor), quen tería percorrido boa parte do mundo helenístico mediterráneo visitando os templos erixidos á deusa en territorio colonial. Nesas viaxes tería chegado ao sur de Iberia, aproveitando para facer algunhas observacións etnográficas pero sobre todo para calcular distancias marítimas entre diferentes fitos litorais importantes para a navegación. Dentro deses cálculos incluíase a distancia de 991,5 millas entre Gades ata o Promontorio dos Ártabros logo de atravesar o *Hieron Akroterion* ou “Promontorio Sagrado” (Cabo S. Vicente).

Esta noticia, recollida por Plinio (II 242), suponse tomada de Polibio, pero apenas nada máis lle debemos a Artemidoro, que, ao igual que Asclepiades, non tería visitado persoalmente a nosa rexión. E nin sequera esa medida nos resulta de grande axuda, posto que as 990 millas que establece entre Gades e o promontorio dos Ártabros, non vemos como encaixar na distancia real que separa Cádiz dalgúns dos cabos prominentes galaicos, que puideran servir como verdadeiros referentes para os navegantes na Antigüidade. Polo demais, todo canto se supón que achega ese novo documento descuberto nos pasados anos 90, o coñecido como “Papiro de Artemidoro”, L. Canfora demostrou, non só que non achega información inédita sobre a nosa xeografía, senón que ademais o papiro é unha falsificación moderna chea de anacronismos, incongruencias e, por tanto, sen ningún valor histórico ou documental¹².

Moito máis produtivo para o noso tema é, sen dúbida, Posidonio, como deseguida veremos.

– Posidonio de Apamea

Trátase doutro escritor grego do século II-I a.C., destacado por considerarse o “Etnógrafo dos Celtas”. As dificultades para achegarse aos seus escritos son as mesmas

12 CANFORA (2008 e 2010)

que con Polibio, pois só se conservan referencias á súa obra en citas de terceiros, non sempre explícitas.

Chámanlle o etnógrafo dos Celtas porque tería visitado persoalmente moitos pobos da Galia e Hispania e logo tería escrito sobre eles, dunha maneira máis extensa e pormenorizada que calquera outro autor antigo coñecido. Os seus discursos sobre Lusitanos e Galaicos coñécense principalmente por Estrabón, pero o certo é que non temos nada claro cal foi a súa vía de achegamento a eses pobos, se telos visitado persoalmente, ou quizais simplemente ter lido os informes de campaña do xeneral Bruto, tamén desaparecidos, logo da derrota dos Galaicos. Esta segunda posibilidade parece a máis verosímil, permitindo reducir ao ámbito galaico o famoso excurso estraboniano (III 3,7) sobre os “montañeses” ibéricos¹³.

Parece deberse a este autor a identificación entre Lusitanos e Callaicos, sen deixar de remarcar respecto a estes a súa localización “montañesa”:

Os últimos de todos son os Callaicos, que habitan unha grande parte da montaña. Por seren os máis difíciles de someter, deron o seu nome ao que venceu aos Lusitanos. Por iso hoxe a meirande parte dos Lusitanos chámanse Callaicos (Estrabón III 3,2)

O que en Polibio era unha delimitación xeográfica entre Lusitanos (litoral) e Callaicos (montaña), pasa a ser unha identificación étnica en Posidonio, sendo este un aspecto da percepción romana da situación que cambiará cando Lusitanos e Galaicos se vexan separados nova e definitivamente pola liña do río Douro en época imperial.

Pero, como é posible que diga Estrabón que os Callaicos son os últimos dos Lusitanos, cando decote se nos di que os últimos son os Ártabros? Pois porque, como dixemos, Estrabón non pode evitar as interferencias entre fontes de información moi dispares e distantes, razón pola cal algúns dos seus escritos resultan tan confusos aos nosos ollos. Os Callaicos “últimos de todos”, só poden ser os Galaicos en sentido amplo, aqueles que en tempos imperiais darán corpo á Gallaecia rexión.

Pero esa, a Gallaecia, é xa unha realidade histórica propiamente romana e perfectamente coñecida por Estrabón, mentres que os Callaicos de Polibio, ou os conquistados por Bruto, non podían identificarse con esa realidade aínda inexistente. Á chegada dos romanos, os Galaicos, como os demais antigos “grupos étnicos” hispanos (Celtíberos, Ástures, Cántabros, Vacceos, Vetóns, Lusitanos, Túrdu-los, etc.), nin sequera existían como tales, pois todo suxire que as únicas entidades étnicas preexistentes ás conquistas eran os *populi* (en singular *populus*), o termo latino que empregaban os romanos para referir pequenas entidades organizativas

13 Analizado en BRAÑAS (2007): 433-5

con nome vernáculo propio, no interior das cales o sentimento identitario sería forte e cuxas dimensións territoriais nesta rexión podían ser inferiores ás dunha comarca galega actual.

4. Daquela, quen eran en realidade os Callaicos conquistados por Bruto?

En medio das guerras contra os Lusitanos, un cónsul romano decidiu avanzar contra os pobos do norte do Douro que non deixaban de socorrer aos seus veciños do sur ante a ofensiva romana. O cónsul, Décimo Xunio Bruto, dirixiuse cara ao norte dende a Lusitania, e bateu cun “río de sona infernal”: o río Limia, tamén coñecido como *Oblivion*, nome latino do “esquecemento”, equivalente ao grego *Lethes*, nome do río mítico da relixión grega no que bebían as almas dos defuntos para esquecer a súa vida pasada. Este foi o nome que lle deron ao Limia galaico, seguramente porque o confundiron cun río próximo cuxo nome indíxena, *Letia* (actual Leça), lembraba o hidrónimo infernal grego¹⁴.

Á prevención que provocaba ese nome agoireiro podía engadirse o episodio que lembraba a migración de pobos procedentes do sur turdetano. Tamén contaba Estrabón que un continxente de Túrdulos e Célticos procedentes das ribeiras do Anas/Guadiana, fuxían cara ao norte cando, ao atravesar o Limia, o Río do Esquecemento, aquelas xentes perderon aos seus líderes e quedaron por aquel territorio ciscados, víndose privados de toda orde e disciplina. Ou quizais de toda memoria¹⁵.

Os que viven máis afastados son os Ártabros, nos arredores do cabo que chaman Nerio, que separa os flancos occidental e norte. Nas proximidades viven Celtas emparentados cos da ribeira do Anas [Guadiana] Disque dunha vez que fixeron alí unha campaña militar estes xunto cos Túrdulos, se sublevaron tras pasar o río Limia e que, logo da revolta, como perderan ao seu xefe, permaneceron no lugar espaxados; e por esta razón é polo que o río sería chamado Lethes. (Estrabón III, 3, 5)

Do que fala este último episodio é dunha migración de poboacións célticas dende o sur cara ao norte galaico, documentándose historicamente a súa presenza baixo os étnicos *Turduli Veteres* “Túrdulos vellos” e *Celtici* “Célticos”, de quen temos constancia da súa presenza no Noroeste logo de que se introducise o hábito epigráfico entre os indíxenas.

14 BRAÑAS (2000): 92 s.

15 BRAÑAS (2000): 92 ss.

Aquel episodio foi datado por Olivares Pedreño¹⁶ en torno aos anos 141-140 a.C., durante a política represiva do procónsul Fabio Máximo Serviliano, así que en tempos moi recentes, en pleno fragor das guerras lusitanas. Por iso Estrabón podía facerse eco daquela aventura, como tamén tería chegado a oídos dos soldados romanos que, apenas uns anos despois, se resistirían a atravesar aquel curso de auga pola súa “sona de río infernal”. Este episodio acompañou a conquista dos Galaicos por parte de Décimo Xunio Bruto en 137 a.C.:

Mentres tanto, Bruto, na Hispania Ulterior, derrotou 60.000 mil Galaicos que viñan auxiliar aos Lusitanos, nunha batalla cruel e difícil, a pesar de que foron emboscados por sorpresa; nesta batalla morreron 50.000, calcúlase que 6.000 foron feitos prisioneiros e moi poucos puideron fuxir (Orosio V, 5, 12)

Décimo Xunio Bruto sometiu todas as cidades da Lusitania ata o Océano, e cando os seus soldados rexeitaron atravesar o Río do Esquecemento [*Oblivion*], arrebatoulle o estandarte ao signífero e cruzouno el mesmo, convencéndooos así de que o seguisen.

Décimo Xunio Bruto loitou con fortuna na Hispania Ulterior contra os Galaicos (Tito Livio, *Períocas*. 55-56)

A campaña de Bruto e a derrota dos Galaicos mereceríalle ao xeneral a celebración da cerimonia do Trunfo en Roma máis a concesión do *agnomen* ou alcume honorífico de “O Galaico”, por ter derrotado milleiros de inimigos dese pobo. Pero os propios cronistas antigos introducen no relato da campaña do Galaico outros pobos ao norte do Douro diferentes dos Galaicos, como os Brácaros, “os que levan bragas”¹⁷, unha prenda considerada pouco digna no mundo clásico, pero moi típica dos celtas da Galia.

Daquel pobo, asentado arredor da futura cidade romana de Braga, dixeron os clásicos que era especialmente feroz no combate:

Logo de atravesar o río Douro, [Bruto] levou a guerra a moitos lugares reclamando grande cantidade de reféns a quen se entregaba, ata que chegou ao río Lethes, e foi o primeiro romano que se propuxo atravesar este río. Atravesouno, en efecto, e chegou ata outro río chamado Nimis [o Miño] e fixo unha expedición contra os Brácaros, que lle roubaran as provisións que levaba.

Este é un pobo enormemente belicoso que combate xuntamente coas súas mulleres, que levan armas e morren con ardor sen que ningunha delas faga aceno de fuxir, nin dea as costas, nin deixe escapar un laio. Das mulleres que

16 OLIVARES PEDREÑO (2013): 68

17 GARCÍA ALONSO (2006): 68

son cativadas, unhas suicídanse e outras, incluso, matan aos seus fillos coas súas propias mans, felices coa morte máis que coa escravitude. Algunhas cidades que daquela pasaron ao lado de Bruto, subleváronse pouco despois e Bruto someteunos novamente. (Apiano *Sobre Iberia*, 72)

Logo de analizar os textos que citan a derrota dos Galaicos, é moi difícil establecer a secuencia dos feitos ou localizalos xeograficamente, pois apenas se ofrecen detalles nin somos quen de recompoñer un relato coherente. Por esa razón danse discusións sobre a localización dos Galaicos, que tradicionalmente se venñen situando nos arredores do Porto (antiga Cale, de onde “Portucale”). Pero esta posición, eminentemente costeira, entra en conflito coa idea polibiana de que os Galaicos eran montañeses situados a oriente da franxa litoral lusitana. Sexa como for, o que está claro é que, en tempos de Bruto, os Galaicos non eran máis que un pequeno pobo situado ao norte do Douro e ao sur do Miño (límite das conquistas de Bruto), nun espazo a compartir con Brácaros e Grovios, entre outros moitos.

De feito, cando Plinio (III 28), en pleno século I d.C. enumere algúns dos *populi* do “convento bracarense”, introducirá na serie uns *Callaeci* que, con toda seguridade, era o *populus* herdeiro daquel que, en época do Galaico, sería tamén unha pequena unidade étnica.

Fig. 2. Posible localización dos “primeiros” Galaicos



Pero esa coreada conquista había ter consecuencias moi limitadas no seguinte período, inzado en Roma de conflitos civís que entorpecían o establecemento dun

control efectivo dos territorios recentemente conquistados (se é ese o termo axeitado para referirnos á intervención de Bruto no Noroeste¹⁸). O verdadeiro coñecemento da xeografía galaica vai obterse despois da conquista, esa xa definitiva, de Augusto, a partir do 19 a.C. Para eses momentos o mesmo Estrabón, contemporáneo dos feitos, e outros autores posteriores como Pomponio Mela, Plinio o Vello e Ptolomeo, van ofrecernos un mapa de pobos moito máis amplo e completo, aínda que sempre con lagoas e numerosos problemas de identificación e/ou localización.

Un deses problemas, de feito, é a introdución dos gregos na secuencia dos pobos indíxenas galaicos, que estes autores de época imperial recuperan dos tempos republicanos e introducen no seu discurso xeográfico mecanicamente, sen calquera cuestionamento ou matiz. Este feito tivo e ten consecuencias historiográficas importantes, incluso ata o momento presente, pois aínda se segue discutindo a celticidade dos pobos galaicos apelando a que os mesmos clásicos advertían esa circunstancia¹⁹. Pero esa é unha crenza, como veremos, completamente infundada, establecida sobre a descontextualización dos elementos do discurso xeográfico dos antigos.

5. Poñendo orde nos pobos galaicos

Polibio foi quen primeiro nos falou dos Ártabros, un referente xeográfico para a navegación marítima, pois o seu “promontorio ártabro” sinalaba o extremo norte e occidental de Iberia. Pero aínda máis importante era a súa sona de rexión rica en metais, ademais de ter en fronte as Illas Casitérides (idea transmitida por todos os xeógrafos mencionados).

Cando Polibio percorreu as nosas costas, foi co interese de descubrir a ruta das Casitérides, que viña sendo mantida en segredo polos cartaxineses para aseguraren o monopolio do seu comercio:

Antes eran os fenicios os únicos que explotaban este comercio dende Gadir, agochando a todos a súa ruta; e dunha vez que os romanos seguiron a un navegante para coñeceren tamén eles aqueles emporios, o navegante, por celo, embarrancou adrede nun banco de area, e despois de arrastrar consigo aos que o perseguían, salvouse dos restos do naufraxio e foi recompensado polo erario público polas súas perdas (Estrabón III 5, 11)

Mais é a Posidonio a quen lle debemos os informes máis completos, tanto sobre as Casitérides (Estrabón III 5, 11) como sobre os Ártabros:

18 Unha discusión sobre o particular en CANFORA (2010): 134-141

19 A modo ilustrativo, LUJÁN (2009)

Di [Posidonio] que o estaño non está na superficie, como contan os historiadores, senón ao cavar. Prodúcese entre os bárbaros de máis alá dos Lusitanos e nas illas Casitérides [...]. Entre os Ártabros, que son os últimos da Lusitania cara ao Noroeste, di que a terra florece de prata, de estaño e ouro branco, xa que está mesturado con prata e que os ríos arrastran esta terra e que as mulleres a removen con angazos e a lavan en peneiras tecidas como cestos. Isto foi o que dixo [Posidonio] sobre as minas (Estrabón III, 2, 9)

En igual sentido manifestábase o informante de Diodoro de Sicilia (seguramente tamén Posidonio) cando nos conta:

En moitos lugares de Iberia hai tamén estaño, que non se encontra na superficie, como algúns teñen repetido nas súas historias, senón que é extraído do subsolo e fundido como a prata e o ouro. Hai moitas minas de estaño máis arriba do país dos lusitanos e nas pequenas illas que se atopan no océano diante de Iberia e que por este feito reciben o nome de Cassitérides. (Diodoro V 38)

Como vemos, Posidonio fala de “contos” relativos á riqueza espontánea da terra dos Ártabros, opoñéndoa á realidade de que esa riqueza en metais había que extraela do subsolo con algún esforzo. Con esta noticia vemos contraponerse o coñecemento positivo, resultado do contacto directo cos territorios explotados, e a crenza fantástica fundada no descoñecemento, no mito da riqueza proverbial do extremo occidente. Fora esa crenza, da que deriva a invención das Casitérides²⁰, a que trouxera aos Fenicios a colonizar o reino de Tartesos, e tamén aos gregos cara a Occidente, seguindo os pasos de Heracles, conquistador de terras e tesouros. Pois nesa dinámica colonizadora e descubridora de novos espazos miticamente cargados de esperanza e fortuna, podía incluírse o interese por descubrir e explotar a nosa xeografía. E de aí a presenza de heroes homéricos nas nosas costas!

O interese do mundo civilizado mediterráneo pola riqueza metalífera do extremo noroeste de Iberia e a ruta das Casitérides, viña de vello. Temos testemuñado o comercio fenicio dende os comezos do primeiro milenio a. C., o nome grego das Casitérides dende o século V a.C., e asentamentos fixos de xentes púnicas dende polo menos o s. IV a.C. Así que, no tránsito entre os séculos II e I a.C., o que constatan as fontes escritas é a participación do Noroeste na órbita económica de todo ese grande círculo comercial con foco nos metais, no que había tempo os Galaicos estaban plenamente integrados. Este é o contexto da aparición na nosa xeografía

20 Con este nome grego, as illas do estaño coñécense dende o século V, a través da obra de Hérodoto (III 115).

protohistórica de cidades e pobos de imaxinaria estirpe grega: Anfílocos, Graios, Helenos, Tude, Ocelas...

Entre eses pobos, imaxinarios na súa orixe, non na súa existencia, emerxen o resto dos pobos galaicos. Recollemos deseguido algunhas das noticias clásicas que nos falan deles, relacionándoos entre si e coa xeografía da rexión. Nótese expresións como “Habitana todo os Célticos”, “Os Ártabros, aínda pobo celta”, dando a entender que non todos son nin célticos nin celtas, como se suxire neste famoso parágrafo de Mela (III, 9-13):

[A costa esténdese] ata o promontorio que chamamos Céltico. Habitana toda os Célticos [...]. O mesmo entrante inclúe a cidade de Lambrica e recibe os ríos Laero e Ulia. Os Praestamarcos habitan a parte que sobresa e a través deles corren os ríos Tamaris e o Sars nados non lonxe; o Tamaris (desemboca) xunto ó porto de Ebora. [...] Por outra parte, os super Tamaricos e os Nerios son os que viven máis afastados naquela zona. [...] os Ártabros, aínda pobo celta... (cun) golfo de estreita embocadura, pero dun contorno amplo que acolle á cidade de Adrobrica.

... e logo o convento Lucense dende o río Navia, cos Albións, Cibarcos, Egos, Varros de nome Namarinos, Adovos, Arronios e Arrotrebas. O Promontorio Céltico [...] Os Célticos de sobrenome Nerios e os Supertamaricos [...] os Coporos, a cidade de Noeta e os Célticos de sobrenome Praestamarcos, os Cilenos ... (Plinio IV, 111)

E despois dos Cilenos vén o convento Brácaro (Plinio IV 112), con todos os pobos de estirpe grega que xa comentamos. Así pois, ordenando a secuencia de pobos celtas e non celtas enumerados polos clásicos ao longo das nosas costas, axiña observamos que se introducen algúns que malamente poderían catalogarse como celtas cando previamente xa o foran como gregos!!

De maneira que o mapa resultante sería o seguinte:

Do Douro a un entrante das Rías Baixas, delimitado pola desembocadura do Laero (Lérez) temos aos pobos supostamente gregos: Grovios, co castro Tude; os Helenos, situados xeralmente na área de Vigo; e os Anfílocos, sen localización coñecida (Plinio IV 112)

Os Cilenos xa non serían gregos, senón só o límite setentrional da súa presenza bracarense. Ocupaban historicamente a comarca do Salnés e cara ao interior (con centro en Caldas de Reis).

E logo xa se enumeran os Célticos, que dicía Estrabón que habitaban arredor do Cabo Nerio (III 3, 5) ou Promontorio Céltico en Mela (III 10) e estaban emparentados cos do Anas, por tanto xentes celtas de asentamento recente distribuídos a norte e sur do río Tamaris ou Tambre, historicamente documentados: os Célticos

Supertamaricos e os Praestamaricos. Ao norte dos Supertamaricos Mela sitúa aos Nerios, dándose certa confusión entre uns e outros.

Fig. 3. Celtici e Ártabros (modificado de Brañas et al 2007)



Mais, superada a punta máis setentrional e occidental representada polo cabo Nerio (Promontorio Ártabro?), a costa vira cara a oriente e é ese espazo o que habitan os Ártabros-Arrotrebas, “aínda pobo celta, e logo os Ástures” (segundo Mela III 13). Ártabros-Arrotrebas e Célticos emparentados cos do Anas son Celtas, pero distínguense nas descrições dos antigos porque hai conciencia dunha historia diversa. Dos Célticos do Anas sabemos que os romanos os consideraban celtas procedentes da Meseta, incluso se supón que o étnico *Celtici* “célticos” é un exoetnónimo de orixe romana para distinguir a estes celtas migrantes. Cando no século II a.C., presionados polo acoso romano, se viron obrigados a desprazarse de novo ata a rexión galaica, parece que eles mesmos tiñan asimilado ese etnónimo, porque así se autodenominan case 200 anos despois na epigrafía galaica. Pero os Ártabros, polo que deixan entrever os textos, eran tamén celtas e xa estaban alí á chegada dos Célticos.

Hai xa tempo o profesor S. Moralejo Lasso recoñeceu nos numerosos topónimos compostos co sufixo -obre, -bre, aos herdeiros modernos directos do elemento toponímico tipicamente céltico -bris/briga, que significa “castro”. E constatou tamén a súa sorprendente concentración xusto nas comarcas nas que as fontes antigas situaban aos Celtici (Célticos Praestamarcos e Supertamarcos) máis aos Ártabros (rías de Ares, Ferrol, Betanzos e A Coruña). A nómina é variada e numerosa: Alcobre, Añobre, Baiobre, Bañobre, Barallobre, Callobre, Canzobre, Cillobre,

Tamén afirma que se informou de que algúns que ían con Heracles e dos que viñan de Mesenia colonizaran Iberia; e que os laconios ocuparon **unha parte de Cantabria** tamén o afirman Asclepiades e outros. Dise tamén que alí está a **cidade de Ocela**, fundación de Ocelas que fixera a travesía ata Italia con Antenor e os seus fillos.

Fig. 5 Grafito *Ocela* (Villa Valdés 2016)



Ocelas é o nome dun escuro heroe troiano que ben podía atopar homofonías na toponimia de todo o Noroeste, como dixemos, onde o elemento é abundantísimo. A forma toponímica cantábrica máis próxima aos Ártabros que coñecemos, aparece en territorio dos Albións, eles mesmos homónimos dos Albións británicos ("os do norte" en lingua celta), situados en territorio actual asturiano, ao leste do río Navia. Menciona Ptolomeo un Ocelo entre as "ciudades" interiores do convento lucense e temos documentada a forma *Ocela* nun grafito cerámico do Castro de Chao Samartín (Fig.5), castro co que quizais se identificase o topónimo supostamente grego transmitido por Asclepiades. A historia deste castro é suficientemente prolongada (con imponentes restos materiais correspondentes ao Bronce Final) e transcendente (converterase en capital de *civitas* en época imperial)²³, como para pensar que se tratase dun lugar "eminente", como o seu propio topónimo indica!

23 VILLA VALDÉS (2009)

6. Xeografía metálica na protohistoria galaica

Como a arqueoloxía recente vén mostrando, o litoral galaico coñece a instalación de emporios ou asentamentos comerciais permanentes de orixe púnica (dándolle a este termo un sentido cronolóxico máis que étnico ou cultural), mostrando o interese dos núcleos comerciais do entorno do Estreito de Xibraltar por explotar o potencial metalífero desta rexión, fabulosamente rica segundo unha crenza mítica que a realidade comercial non desmentía, senón o contrario. Todo indica que as Casitérides eran unha fabulación, un mito que, ao tempo que cifraba a crenza atávica na riqueza marabillosa dos confíns ecuménicos, desviaba a atención das verdadeiras fontes do estaño, presentes en toda a fachada atlántica continental (Illas Británicas, Bretaña Francesa, Galicia, Portugal...)

Fig. 6. Os gregos na xeografía galaica




Estes emporios, erixidos ao longo de toda a costa atlántica dende Santa Olaia na foz do Mondego ata A Coruña, recoñécense arqueoloxicamente por algunhas estruturas construtivas anómalas dentro da tradición castrexa (A Lanzada, Castro de Alcabre, Castro de Elviña), como tamén pola abundantísima cantidade de restos de importación (adornos metálicos e de vidro, vasillas finas e de transporte, etc.: illa de Toralla, Castro grande de Neixón, etc.).

As Rías Baixas foron o sector galaico máis influído pola presenza deste mercados, non sendo casual que os emporios púnicos coñecidos teñan aparecido nesta órbita ou que tamén alí se localicen preferentemente os pobos de suposta estirpe helénica. Enténdese que, por seren os máis meridionais, serían os máis favorecidos por contactos comerciais regulares cos navegantes púnicos. En áreas máis setentrionais, loxicamente vai diminuíndo o volume de materiais arqueolóxicos de im-

portación, posto que é lóxico que rareen os contactos comerciais a medida que nos afastamos das metrópolis ou centros mercantís a partir dos cales se organizan as empresas comerciais. Pero, con todo, seguimos atopando conexións importantes entre as fontes arqueolóxicas e literarias no relativo á identificación daqueles lugares seguramente frecuentados polos navegantes do sur.

Tal é o caso da Coruña, localizada en pleno territorio ártabro. Alí hai un aparente emporio tardo-púnico no Castro de Elviña (situado na área periurbana da cidade) e sábese polas fontes clásicas que o mesmo Xulio César levou a cabo unha operación de saqueo contra Brigantium (vello nome da cidade ou entorno) arredor do ano 61 a.C., a vulgar pola noticia transmitida por Dion Cassio (37, 52-53). Sospéitase que César buscaba fondos para financiar a súa campaña electoral ao consulado en Roma, e disque non quedou defraudado²⁴.

Fig. 7. Riqueza estannífera do NO (Comendador *et al* 2015)



O seguinte núcleo indíxena considerado minimamente activo no comercio púnico é o castro de Campa Torres en Gijón. A partir de aí, a cornixa cantábrica parece non mostrar rastro da suposta daqueles comerciantes. Pero non é así no val do río Navia, no entorno do suposto *Ocela*, onde aparecen poucos, pero aínda indicios daqueles contactos²⁵. Tanto os mapas mineralóxicos como os de distribución de

²⁴ En xeral, GARCÍA FERNÁNDEZ (2020)

²⁵ VILLA VALDÉS *et al.* (2008): 759-760

machados de bronce (con posible valor de lingotes para o intercambio²⁶) dan boas pistas da especial riqueza estannífera dese sector, o cal axuda a comprender que lugares como *Ocela* tivesen certa sona entre os mercadores púnicos.

Conclusiones

Dende que os fenicios comezaron a frecuentar as costas atlánticas máis alá do Mondego, os castrexos galaicos víronse implicados nunha rede comercial que non faría máis que medrar e ampliarse co paso do tempo. Cando os púnicos substituíron aos fenicios nese mercado, durante a IIª Idade do Ferro, comezaron a xurdir emporios de xentes do sur en territorio castrexo. A experiencia acumulada ao longo de todo ese período de contactos continuados acabaría tendo reflexo nos textos literarios anteriores á conquista romana, remontando a mediados do século II a.C. as primeiras noticias sobre os Ártabros. A participación grega en toda este descubrimento xeográfico deixouse sentir moito atrás coa denominación helénica das Illas Casitérides, de maneira que, cando en época helenística vemos aparecer novos nomes de suposta raigame grega nestas latitudes, resulta evidente a prevalencia dos gregos fronte aos romanos na fase de descubrimento e explotación comercial do noroeste ibérico.

Eses nomes gregos de pobos galaicos (Anfilocos, Helenos, etc.) verémolos xermolar e enraizar profundamente na xeografía e historia galaica, ata o punto de, non tanto darse por certa a lenda que os fundaba, senón máis ben provocar confusión no mapa étnico galaico. Naquela etno-xeografía, danse unha serie de étnicos célticos nun *continuum* que se interrompe, pero non porque o axente da discontinuidade sexa un étnico grego, senón pola introdución no discurso dunha forma adverbial que lle pon o límite: “aínda pobo celta”. Pero esta expresión non pode esconder a causa real de que os clásicos distinguisen pobos celtas de non celtas na serie galaica, e é que realmente crían na stirpe helénica dalgúns deles: os galigrecos.

26 Ver mapas e comentarios en GONZÁLEZ RUIBAL (2006): 81

BIBLIOGRAFÍA XERAL

1. FONTES CLÁSICAS

- Apiano. “Sobre Iberia”. *Historia Romana* (Introdución, tradución e notas de A. Sancho Royo), Madrid, Gredos, 1995
- Diodoro de Sicilia. *Biblioteca Histórica. Libros IV-VIII*. (Tradución e notas de J.J. Torres Esbarranch). *Biblioteca Clásica Gredos*, 328, *Biblioteca Clásica Gredos*, 34, Madrid, Gredos, 2004
- Estrabón. *Geografía de Iberia*. (Tradución de J. Gómez Espelosín. Notas e comentarios de Gómez Espelosín, Cruz Andreotti e García Quintela), Madrid, Alianza Editorial, 2007
- Plinio o Vello= Plinio el Viejo. *Historia Natural. Libros III-VI*. (Tradución e notas de A. Fontán, I. García, E. del Barrio, M^aL. Arribas). *Biblioteca Clásica Gredos*, 250, Madrid, Gredos, 1998
- Polibio. *Historias. Libros I-IV*. (Introdución de G. Cruz Andreotti. Tradución e notas de M. Balasch Recort). *Biblioteca Básica Gredos*, Madrid, Gredos, 2000
- Silio Itálico= Silius Italicus. *Punica* (Tradución de J.D. Duff). *The Loeb Classical Library*. London. Harvard Univ. Press, 1961
- Tito Livio. *Períocas*. (Introdución, tradución e notas de J.A. Villar Vidal). *Biblioteca Clásica Gredos* 210. Ed. Gredos, 2008
- Xustino= Justino. *Epítome de las “Historias Filípicas” de Pompeyo Trogo*. (Introducción, tradución e Notas de José Castro Sánchez), Madrid, Ed. Gredos, 1995

2. BIBLIOGRAFÍA

- Alarcão, J. de (2003-2004): “A propósito de “Elanae e Laniae””. *Revista portuguesa de história*, N°. 36, 2: 431-443
- Albertos, M. L. (1985): “A propósito de algunas divinidades lusitanas”, en *Symbolae Ludouico Mitxelena septuagenario oblatae*, I. Vitoria, Universidad del País Vasco: 469-474.
- Alonso Troncoso, V. (1996): “Primeras etapas en la conquista romana de Gallaecia”, en *Militaria*, n° 8: 53-66
- Ayán, X., Rodríguez, r., González, I. e González, A. (2008): “Arrecendos púnicos: un novo anaco de aríbalos no castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña)”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 55, n° 121: 73-92
- Balboa Salgado, A (1996): *Gallaecia nas fontes clásicas*. Santiago. USC

- Bermejo Barrera, J.C. (1982). *Galicia y los Griegos. Ensayos de Historiografía*. Santiago. Ed. Salvora.
- Bermejo Barrera, J.C. e González García, F.J. (2002): “El imaginario heroico griego en la historia gallega”, en SEMATA vol. 14: 177-205
- Blanco Freijeiro, A. (1971): “Monumentos romanos de la conquista de Galicia”, en *Habis*, nº2: 223-232
- Brañas Abad, R. (2000): *Deuses, heroes e lugares sagrados na Cultura Castrexa*. Santiago. Ed. Sotelo Blanco.
- Brañas Abad, R. (2007): “Entre mitos, ritos y santuarios. Los dioses galaico-lusitanos”, en F.J González García: *Los pueblos de la Galicia Céltica*. Madrid. Akal: 377-443.
- Brañas Abad, R. *et al* (2007): “Los pueblos de la Galicia Céltica”, en F.J González García: *Los pueblos de la Galicia Céltica*. Madrid. Akal: 533-558.
- Canfora, L. (2008): *Il papiro di Artemidoro*. Bari. Editore Laterza, Storia e Società.
- Canfora, L. (2010): *El viaje de Artemidoro*. Madrid. La esfera de los libros.
- Comendador, B. et al. (2015): “Estaño y paisajes del agua en el noroeste peninsular”, en *Paisajes Culturales del Agua (Arqueología, Antigüedad, Territorio)*. Deputación de Ourense
- Cruz Andreotti, G. (2019): “La perspectiva histórica de la Geografía sobre Gallaecia”, en E. Ferrer Albelda (coord.), *La ruta de las Estrímnides, navegación y conocimiento del litoral atlántico de Iberia en la Antigüedad*: 217-227. Univ. Sevilla. Univ. Alcalá
- Cunliffe, B. (2019) *Océano. Una historia de conectividad entre el Mediterráneo y el Atlántico*. Despertaferro Eds.
- Ferrer Albelda, E. e Albuquerque, P. (2019): “El conocimiento del extremo Occidente en la Grecia arcaica: las Casitérides y la geografía de los recursos”, en E. Ferrer Albelda (coord.), *La ruta de las Estrímnides, navegación y conocimiento del litoral atlántico de Iberia en la Antigüedad*. Ed. Universidad de Sevilla/Universidad de Alcalá, Colección: Monografías de Gahia: 135-184
- García Alonso, J.L. (2006) “Vettones y Layetanos. La etnonimia antigua de Hispania”, en *Palaeohispanica* 6: 59-116
- García Alonso, J.L. (2009). “Lenguas indoeuropeas prerromanas en el noroeste peninsular”, en *Acta Palaeohispanica* X, *Palaeohispanica* 9: 163-174
- García Fernández, F.J. et al. (2020): “La presencia fenicio-púnica en los confines de Iberia”, en S. Celestino Pérez e E. Rguez. González (Eds.), *Un viaje entre el Oriente y el Occidente del Mediterráneo*, IX Congreso Internacional de Estudios Fenicios y Púnicos. Mytra. Vol IV. Instituto de arqueología de Mérida: 1513-30
- García Quintela, M.V (2007): “Estrabón y los Celtas de Iberia”, en *Estrabón. Geografía de Iberia*. 2007: 113-139

- García Quintela, M.V. (2010): “Una dialéctica de la distancia: Estrabón sobre Iberia y la Oikumene”. F. Prados Martínez et al. (coords.) *Confines. El extremo del mundo durante la Antigüedad*, 2010: 49-72
- González García, F.J. (2003): *Os Ártabros. Estudio Xeográfico e Etnohistórico*. Dep. Ourense
- González García, F.J (2011): “Los Célticos de Gallaecia: apuntes sobre etnicidad y territorialidad en la Edad del Hierro del Noroeste de la Península Ibérica”, en *Complutum* vol. 22: 117-132
- González Ruibal, A. (2004): “Un askós ibicenco en Galicia: Notas sobre el carácter del comercio púnico en el noroeste ibérico”, en *Complutum*. Vol. 15: 33-43
- González Ruibal, A. (2006): *Galaicos. Poder y comunidad en el noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.)*. *Brigantium* 18-19
- López Cuevillas, F. (1968): *A Edade do Ferro na Galiza. Traballo lido no Seminario d’Estudos Galegos de Santiago de Compostela o día 18 d’abril de 1924*, Real Academia Gallega, A Cruña
- Lorrio, A.J. (2011). “Los celtas en el occidente de Iberia”, en G. Ruiz Zapatero e J. Álvarez Sanchís (eds.): *Castros y Verracos. Las gentes de la Edad del Hierro en el occidente de Iberia*, Diputación de Ávila, Institución Gran Duque de Alba: 45-100
- Luján, E.R. (2009): “Pueblos celtas y no celtas de la Galicia Antigua: Fuentes literarias frente a fuentes epigráficas”, en *XXII Seminario de Lenguas y Epigrafía Antiguas*. Valencia: 219-50
- Marín Martínez, A.P. (2012). “Los itinerarios de Polibio en Hispania”, en G. Bravo e R. González Salinero (eds.), *Ver, viajar y hospedarse en el mundo romano*, Madrid/Salamanca: 447-462
- Martínez Mera, J. (2001): “Expedicións militares a Gallaecia na época republicana”, en *Gallaecia* 20: 297-316
- Molina Marín, A.I. (2010): “Estrabón, Pomponio Mela y Plinio. Las enciclopedias del saber”, en *Antigüedad y cristianismo: Monografías históricas sobre la Antigüedad tardía*, N° 27, dedicado a *Geographica: ciencia del espacio y tradición narrativa de Homero a Cosmas Indicopleustes*: 257-282
- Moralejo Álvarez, J.J. (2007): *Callaica Nomina, Estudios de Onomástica gallega*. A Coruña. ILG- Fundación P. Barrié de la Maza
- Moret, P. (2010) “La Lusitanie d’Artemidore”, en *Serta Palaeohispanica J.de Hoz*. *Palaeohispanica* 10: 113-131
- Olivares Pedreño, J.C. (2013): “La emigración de los célticos y túrdulos de la Beturia hacia el noroeste de Hispania”, en *CEG* 60, n° 126
- Plácido Suárez, D. (1987-1988): “Estrabón III: el territorio Hispano, la Geografía griega y el imperialismo romano”, en *Habis* 18-19: 243-256

- Plácido Suárez, D. (2004): “La configuración étnica del occidente peninsular en la perspectiva de los escritores grecorromanos”, en *Studia Historica. Historia antigua*, N° 22: 15-42
- Plácido, Suárez, D. (2007): “Mythical origins of greek toponymy in the northwest Iberian Peninsula”, en *Electronic Antiquity* 192, 11.1
- Plácido, Suárez, D. (2014): “Conocimiento y explotación de los pueblos del Noroeste hispano en la tradición literaria grecolatina”, en *Gerión* 32: 157-179
- Prósper, B.M. (2008) “En los márgenes de la lingüística celta: los etnónimos del noroeste de la Península Ibérica y una ley fonética del Hispano-celta occidental”, en *Palaeohispanica* 8: 33-54
- Rouco, E. (1984): “La influencia de Polibio en el conocimiento del Noroeste ibérico”, en *Boletín del Museo Provincial de Lugo*, 2: 52-61
- Silva, A. Coelho Ferreira da. (1995): “A evolução do habitat castrejo e o processo de proto-urbanização no Noroeste de Portugal durante o I milénio a. C.”, en *Revista da Faculdade de Letras. Historia*, n°. 12: 505-546
- Suárez Otero, J. (2017): “Dioses del mar exterior”. Panel presentado a X Coloquio Internacional del CEFYP Centro de Estudios Fenicios y Punicos. Mare sacrum. Religión, cultos y rituales fenicios en el Mediterráneo. Homenaje al Profesor D. José María Blázquez Martínez (Cádiz – San Fernando, 13-15 diciembre 2017)
- Tranoy, A. (1981): *La Galice romaine. Recherches sur le nord-ouest de la peninsule iberique dans l'Antiquite*, Paris, Diffusion de Bocard.
- Vicetto, B. (1865): *Historia de Galicia*. Tomo 1. Ferrol : Nicasio Taxonera (<http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/registro.cmd?id=8500>)
- Villa Valdés, A. et al. (2008): “El ajuar doméstico en los castros de Asturias”, en J.Rodríguez Muñoz (coord.), *La Prehistoria en Asturias: un legado artístico único en el mundo: 753-800*. Oviedo
- Villa Valdés, A. (2009): *Museo Castro de Chao Samartín. Catálogo*. Consejería de Cultura y Turismo del Principado de Asturias.
- Valle Valdés, A., dir. (2016), “Domus. Una casa romana en el castro de Chao Samartín”. Consejería Educación y Cultura Asturias.